

Recomendación para un contorno real de traballo

Se se desexa desenvolver o explicado aquí con SADMS, nun sistema real con varios equipos e onde os alumnos poden contribuír a introducir en masa varios equipos no dominio, recoméndase:

- Instalar o equipo Ubuntu con tódalas aplicacións que se desexen.
- Crear un usuario administrador **la**, a maiores de *ladministrador*. O usuario *la* debe iniciar a sesión automaticamente. Con este usuario validaránse os alumnos. Cando o equipo estea no dominio, deshabilitarase remotamente por ssh.
- Instalar ssh e sadms.
- Configurar os arquivos de sadms que se amosaron nas seccións anteriores, comprobar que todo funciona correctamente e parar os servizos de sadms.
- Configurar todo canto se desexe.
- En **Sistema->Administración->Pantalla de Acceso** configurar para que o usuario **la** poida iniciar a sesión de xeito automático.
- Clonar o equipo e despregalo nos equipos que se desexe.
- O equipo vai iniciar sesión automaticamente, so queda configurar o seu nome o seu enderezo IP e proceder con sdams e co o usuario **a** habilitado para a ocasión.
- Unha vez que o equipo está no dominio, deshabilitar o inicio automático e o propio usuario *la*, para que os alumnos non poida entrar. Lembrar que queda activado o usuario **ladministrador**.
- Con que nome nomear o equipo se se ten un inicio dual. A nosa recomendación é:
 - ◆ A11EQW21 (aula 11 equipo 21, (W)indows)
 - ◆ A11EQL21 (Aula 11 equipo 21, (L)inux)
 - ◆ Os dous coa mesma configuración IP, e os dous dados de alta no servidor DNS, con distinto nome e mesma IP.
- Lembra que como se vai traballar co protocolo NETBIOS, este limita o nome das máquinas de dos nomes NETBIOS de dominio (Os nomes de dominio sen o punto e os dominios finais) a **15 caracteres**.

- Un dos problemas que se ten co que se explicou nos apuntes é que en cada equipo que o usuario do dominio vaia iniciando sesión, vaise ir creando unha carpeta local para o home do usuario onde logo se montarán as carpetas de rede. O usuario vai ter distintos perfíles en GNU/Linux, tantos como equipos nos que se sente.
 - ◆ Como solucionalo?, pois poñendo un servidor NFS GNU/Linux metido no dominio de Windows e que exporte as carpetas home dos usuarios ós equipos GNU/Linux que están metidos no dominio.

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez -- (28 feb 2010).